

[Empty dashed box for writing]

- Con Xesús empeza a realizarse o mundo novo

[Empty dashed box for writing]



[Empty dashed box for writing]



[Empty rounded rectangular box]



● **Algunhas historias ou contos encerran bonitas ensinanzas.**

Cando as escoitamos, descubrimos que levan oculta unha mensaxe importante para a vida.



Recorda de que trata cada un destes contos. Relaciónao co seu ensino correspondente.

O conto

O ensino

[Empty rounded rectangular box with a small tab on the right]

● O neno máis querido polos seus pais é o que non lles conta mentiras.

[Empty rounded rectangular box with a small tab on the right]

● É moi agradable vivir sen preocupacións, pero ao facernos maiores temos que asumir as nosas responsabilidades.

[Empty rounded rectangular box with a small tab on the right]

● Se xulgamos ás persoas pola súa aparencia equivocámonos, xa que non as coñecemos realmente.

[Empty rounded rectangular box with a small tab on the right]

● Podemos correr graves perigos se tomamos as cousas á lixeira.



Elixe o personaxe que máis che guste dun conto, debúxao e escribe ao lado as ensinanzas que podemos aprender del.

[Large empty rectangular box for drawing a character]

[Large empty rectangular box with horizontal dotted lines for writing lessons]

non son só contos!



Xesús, para que a xente entendese o que é o Reino de Deus, utilizaba





1

O Reino de Deus parécese a unha semente que vai medrando pouco a pouco.

2

O Reino de Deus parécese a un pequeno gran de mostaza que se fai unha árbore grande.



3

O Reino de Deus parécese a un tesouro escondido nun campo; o que o atopa deixa todo e compra o campo.

4

O Reino de Deus parécese a unha festa á que todos son invitados.





Le estas explicacións das parábolas anteriores e relaciona cada unha coa que corresponda.


1



O Reino é coma unha festa: todos viven felices, aman a Deus coma un Pai, quérense coma irmáns e axúdanse entre eles.

Xesús invítanos a participar nesa festa, pero hai persoas que rexeitan o seu convite e non acoden.

2



A semente é a palabra de Xesús e nós somos a terra que acolle esa palabra no noso corazón e cúmprea na vida.

Así medrará o Reino de Deus, o mundo novo que Xesús anuncia.

3



O Reino é coma algo escondido que é necesario atopar. Os que o descubren séntense felices, porque é algo de moito valor e prefírenlo a outras cousas.

Dende entón, traballan para facer realidade ese mundo novo de paz, xustiza e amor.

4



O Reino, ao principio, é algo moi pequeno, case non se ve, parece que non existe, pero ten dentro unha forza tan grande que medrará moito e chegará a ser grande e encherá todo o mundo. Entón triunfará por completo a paz e o amor.
